

## Abríronse 58 novos establecementos no 2014

# OS SUPERMERCADOS EROSKI FRANQUIADOS MEDRAN UN 6% EN VENDAS

- **A expansión da rede franquizada xerou 316 postos de traballo no 2014**
- **O investimento de franquías supera os 18 millóns de euros**
- **EROSKI lanza un programa pioneiro no sector, 'Contigo en franquía' para mellorar o apoio ofrecido ao franquizado e abrir novas canles para a súa participación**
- **A rede de franquías EROSKI medrou en 148 establecementos desde a posta en marcha do Plan Estratéxico 2013-2016**

**Elorrio, 10 de marzo do 2015.-** As vendas da rede de supermercados franquizados de [EROSKI](#) aumentaron un 6% durante o 2014, un crecemento debido ás novas aperturas e á adaptación que a cooperativa realizou do seu novo modelo comercial 'contigo' á súa rede franquizada.

EROSKI abriu 58 novos supermercados no 2014, doce aperturas máis ca durante o ano anterior. Estas inauguracións xeraron 316 postos de traballo e contaron cun investimento superior aos 18 millóns de euros. EROSKI avanza así na expansión da súa rede franquizada e suma xa un total de 148 novos establecementos desde o arranque no 2013 do seu Plan Estratéxico, consolidándose como a segunda rede de supermercados franquizados de España.

Os 58 establecementos franquizados inaugurados no 2014 están operativos en Andalucía (10), Aragón (3), Baleares (12), Cantabria (2), Cataluña (11), Galicia (2), Madrid (1), Navarra (3) e País Vasco (14).

O director de franquías de EROSKI, Enrique Martínez lembrou que *"EROSKI ofrécelles un modelo de franquía integral a aqueles emprendedores que queiran abrir supermercados entre 200 e 2.000 m<sup>2</sup> en poboacións de máis de 1.500 habitantes"*. A cooperativa aposta pola súa expansión a través de franquías, tal e como recolle o Plan Estratéxico a 2016. A devandita expansión da rede franquizada para os vindeiros anos focalízase principalmente en Andalucía, Madrid, Castela A Mancha, Cataluña, Estremadura e Levante.

EROSKI ofrece un modelo de franquía integral, coas insignias EROSKI/city e Caprabo (en Cataluña), para establecementos entre 250 e 500 m<sup>2</sup> que siguen o modelo físico e comercial definido pola insignia. Ademais, EROSKI tamén ofrece outras opcións como Aliprox, Onda e Aprop (en Baleares) cunha fórmula máis flexible de franquía concertada para locais de arredor de 250 m<sup>2</sup>. Os consumidores atopan nas tendas franquizadas EROSKI unha oferta case en exclusiva de alimentación, unha gran variedade de alimentos frescos locais, unha ampla oferta de arredor de 3.000 referencias entre marca propia, de fabricante e produtos locais e todas as vantaxes do novo EROSKI Club, con máis de 2 millóns de socios en toda

---

### EROSKI

Dirección de Comunicación Corporativa  
OSCAR GONZÁLEZ URIARTE

Tel: 946 211 214

[comunicacion@eroski.es](mailto:comunicacion@eroski.es)

### EROSKI - OFICINA DE PRENSA

#### CONSEJEROS DEL NORTE

ZIORTZA BERISTAIN  
EDURNE IZQUIERDO

Tel: 944 158 642

[www.eroski.es](http://www.eroski.es) > [Notas de prensa](#)  
[www.consumer.es](http://www.consumer.es)

España. "A adaptación realizada do modelo 'contigo' ás franquías supuxo un impulso destacado, cunha valoración moi positiva por parte dos nosos franquitados e cunha moi boa resposta por parte dos clientes que se reflicte nun incremento das vendas", apuntou Enrique Martínez.

O director de franquías engade que, por mor das altas taxas de desemprego, reciben cada vez máis chamadas de emprendedores interesados en poñer en marcha un supermercado. "Nun momento no que o paro é o principal problema no noso contorno, a franquía é unha fórmula exitosa para a xeración de emprego. A nosa cultura cooperativa de autoxestión encaixa perfectamente coa filosofía dos emprendedores que apostan pola creación dunha empresa de seu e que buscan o respaldo de profesionais de ampla experiencia e unha marca de confianza", explicou Martínez.

### **Maior vinculación cos franquitados**

A finais do 2014 EROSKI presentoulle á súa comunidade de franquitados o programa 'Contigo en franquía', unha iniciativa pioneira no sector das franquías que lles ofrece aos seus franquitados formación comercial, servizos e vantaxes personalizadas, información de produto e ferramentas para optimizar a xestión das súas tendas...

"Trátase de recoñecer o compromiso dos nosos franquitados con EROSKI e viceversa. O programa nace para lle achegar máis valor á relación cos nosos franquitados e para avanzarmos cara a un modelo de franquía cunha maior vinculación co franquitado, abrindo tamén canles para articular a súa participación nas políticas comerciais postas en marcha", aclarou Enrique Martínez.

### **Innovación e Premio á mellor Franquía Nacional de Comercio**

A aposta de EROSKI pola innovación nos seus formatos comerciais tamén se espalla ás franquías. Dous proxectos destacaron polo seu carácter innovador. EROSKI abriu o pasado exercicio o primeiro supermercado dentro dun campus universitario en España, ofrecendo un servizo ata agora inexistente. O segundo proxecto foi de carácter temporal, ofrecendo un supermercado no Festival de Música BBK Live. Para o responsable de franquías "foron dous proxectos moi emblemáticos nos que definimos novas respostas para atendermos as necesidades do consumidor de hoxe".

Ademais, no 2014 EROSKI tamén recibiu o *Premio Nacional á mellor Franquía de Comercio* no Salón Internacional da Franquía (SIF). Un recoñecemento que persegue poñer en valor a innovación e a expansión das insignias galardoadas.

---

#### **EROSKI**

Dirección de Comunicación Corporativa  
OSCAR GONZÁLEZ URIARTE

Tel: 946 211 214

[comunicacion@eroski.es](mailto:comunicacion@eroski.es)

#### **EROSKI - OFICINA DE PRENSA**

##### **CONSEJEROS DEL NORTE**

ZIORTZA BERISTAIN  
EDURNE IZQUIERDO

Tel: 944 158 642

[www.eroski.es](http://www.eroski.es) > [Notas de prensa](#)  
[www.consumer.es](http://www.consumer.es)